



O CASINO

Contra a tristura ...



esforzo pola vosa parte e moi grande, pero a felicidade que sentimos o día do festival, tanto os que estamos de público, coma os propios "artistas", non hai diñeiro que o pague.

Limiar

Ola, un semestre mais entre todos vos, da moito traballo chegar aquí, pero agora que estou bage a pena o esforzo. Quizais deberamos contribuir todos un pouquiño para dar a coñecer algunhas cousas que temos na nosa mente e que é doado compartir cos demais.

Algo que nos fai sentir ledicia, e o digo sen temor a equivocarme, e as ganas que temos de facer cousas para estar xuntos, así lembramos actividades coma o partido de fútbol en veiga de Couso co seu correspondente Cocido en confraternidade, a mallada do centeo e festa dos maiores donde puxemos o listón moi arriba co estreo do GRUPO DE BAILE SAN MARTIÑO DE COUSO, e que non se quede só no estreo. E agora sacar o sombreiro ante o grupo de xente que levou adiante este último Festival de Nadal, Ole, Ole y Ole, é unha gran satisfacción veros actuar, e por nada do mundo deixedes de facelo, certo é, que o



Neste exemplar:

- 1 Limiar
- 2 Programación Semestral
- 3 Donde encontrar a felicidade. José Giráldez (Piño)
- 4 Actividades realizadas

PROGRAMACIÓN CULTURAL

1º SEMESTRE 2013

Asemblea xeral ordinaria



**Sábado 16 de
Febreiro**

Hora as 5 da tarde



Carnaval 2013 en Guláns

**Domingo 17 de
febreiro**

Hora 5 da tarde

Festa do Pote



Sábado, 16 de marzo

Hora a concretar

**Lugar Centro
Cultural**

Camiñata polo sendeiro prg -132



**Data e Hora a
concretar**

Donde encontrar a felicidade.

Todos, ao longo da nosa vida, buscamos diñeiro como forma de subsistir no día a día, en mais o menos medida o vamos conseguindo e tiramos para adiante cada un, co seu esforzo, pero aló no fondo da nosa mente, ou non tan no fondo, desexamos enormemente conseguir a felicidade. Todos a buscamos e danos a sensación de que poucos a consiguen. ¿Que é, o que pode facer, que a busquemos durante moitos anos e non a encontremos?.

Unha vez, un neno de cinco anos, preguntoume, ¿por qué, persoas que teñen moito diñeiro, non son felices?, eu contesteille, como dice a frase, o diñeiro axuda, pero non dá a **FELICIDADE**, e seguíame preguntando, coñezo persoas que fan todo o que queren, e non son felices e outras que fan o que poden e si o son, outras que sofren enfermidades que non teñen cura, e veselles mais felices, que outras que non teñen ningunha enfermidade, ¿como é posíbel?. A razón, porque moitas persoas non son felices é, porque non encontran A **FELICIDADE**, xa que a buscan, no lugar equivocado. O diñeiro, o poder, o facer o que queres, o non ter enfermidades e

outras moitas cousas que che poden contar, non son o lugar donde se debe buscar. A **FELICIDADE**, está moito mais preto de nos, temos que buscala dentro de nos, e encontrala, que non é moi doado; non sei se me entendes, A **FELICIDADE** é, como ti te sintes polo que tes, polo que fas, polo que dices e como eres; **NON POLO QUE TEÑEN OS DEMAIS, POLO QUE FAN OS DEMAIS, POLO QUE DICEN OS DEMAIS OU COMO SON OS DEMAIS.**

José Giráldez (Piño)

Actividades realizadas

O Sábado 21 de setembro tivemos a Mallada do centeo e a festa dos Maiores, co estreo do grupo de baile rexional San Martiño de Couso, unha novidade que debe continuar.

40 Casino



O Sábado 13 de outubro disfrutamos dun partido de fútbol recordando vellos tempos en veiga de Couso, e desde aquí agradecer enormemente a Comunidade de Montes por limpar o campo e arredores nada mais pedirillo, o rematar o xogo, demos conta dun cocido en toda regra por terras de saxamonde.

Antes...



E despois...



Sábado 10 de novembro

celebramos a nosa Festa Maior, SAN MARTIÑO, este ano, co novo recinto que

Creemos foi un gran acerto, e senon mirade...



Domingo 23 de decembro, tivemos o Festival de Nadal. Foron moitos os atrancos que tiveron, pero o esforzo e ben facer dos que o levaron adiante e algo do que todos deberiamos aprender, **GRAZAS RAPAZAS E RAPACES**, sodes o mellor que poder ter, un Lugar como **COUSO**.